



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Actividades de primavera

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

“Paisaxe verde con árbores” (1997) de Antonio Tenreiro

EXPOSICIÓN

Arquitecturas que falan do seu tempo

Ata o 27 de abril

Organiza: Museo de Belas Artes
da Coruña

Comisarios: Xose Manuel
Casabella e Alfredo Sellier

Percorrido polas obras deseñadas
por 23 arquitectos que
transformaron o espazo de cidades
e pobos de Galicia.

EXPOSICIÓN

Torre de la Parada. Un espazo pictórico para Rubens

Xaneiro a Decembro

Organiza: Museo de Belas Artes
da Coruña en colaboración con
VideaLAB da Universidade da
Coruña

Exposición virtual que permite
coñecer a obra de Rubens no
pavillón da Torre de la Parada.

CLUB DE LECTURA

LecturArte Biblioteca do Museo

Mércores, de 18:00 a 20:00 h
12 de marzo, 9 de abril, 14 de maio
e 11 de xuño.

Martes, de 11:00 a 13:00 h
18 de marzo, 22 de abril, 20 de
maio e 17 de xuño.

Coordina: Cecilia Monllor

Un lugar de encontro para
lectores/as con curiosidade sobre o
tema da arte: novelas ambientadas
no mundo da arte, cuxos
protagonistas son artistas ou que
presentan cuestións interesantes
relacionadas co tema.

Títulos*:

El retrato de Dorian Grey, de
Oscar Wilde

El infinito en un junco, de Irene
Vallejo

El nervio óptico, de María Gainza

*Títulos suxeitos á dispoñibilidade na
Rede de Bibliotecas de Galicia, pode
haber cambios.

OBRADOIRO

O xogo da estampa. Obradoiro de gravado

**Venres, de 17:30 a 19:30 h,
do 28 de marzo ao 25 de abril**

**Sábados, de 11:00 a 13:00 h,
do 29 de marzo ao 26 de abril.**

Isabel Pintado

O curso céntrase nas técnicas calcográficas de punta seca e aditivas. Os alumnos iniciaránse nos procesos do gravado e na súa comprensión como medio de expresión nas súas diferentes etapas: preparación e uso adecuado dos materiais, estampaxe e reprodución exacta dun número de probas orixinais por matriz.

Inscripción previa. Prazas limitadas

CURSO

OS TEMAS DA ARTE Tirando do fío. Parte 2 A moda decimonónica

**Mércores, de 11:30 a 13:00 h,
do 2 de abril ao 28 de maio (agás
o 16 de abril).**

Carolina Munáiz

O curso expón a continuidade do ciclo **Tirando do fío**, coa intención de abordar os cambios históricos substanciais do século XIX e de atender a consecuente evolución dos valores do traxe en Occidente.

O impacto da Revolución Francesa e as transformacións paulatinas pero inauditas que carrexaría o fenómeno da industrialización, haberían de propiciar profundos e convulsos cambios sociopolíticos, síntoma dunha nova era.

Inscripción previa. Prazas limitadas



CONCERTOS

XXIV Ciclo Música para unha Época

Domingos, ás 12:00 h

13 de abril, 25 de maio e 15 de xuño

Ciclo de música que combina a música dunha determinada época coa visita guiada polo museo, establecendo así un paralelismo entre a música e a pintura.

PROGRAMA

13 de abril

O século XVII

Concerto: The Sylvains, voz e clave

Visita guiada: A pintura barroca

25 de maio

Paisaxes sonoras

Concerto: Dúo Arcadia, guitarras

Visita guiada: A escultura galega contemporánea

15 de xuño

100 anos de Surrealismo

Concerto: Multiplensemble

Visita guiada: As vangardas

CONCERTOS

VIII Ciclo de Música de Cámara no Museo

Sábados, ás 12:00 h

22 e 29 de marzo e 5 de abril

Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

CONCERTOS

Resis. Festival de Música Contemporánea

Sábado 10 de maio ás 19:00 h

Quartet Gerhard

CINEMA

Ciclo Museos de cine

Mércores, ás 19:30 h.

2, 23 e 30 de abril

Colabora: Asociación de Amigos

O ciclo explora as distintas formas en que o cine, tanto de ficción como documental, achégase aos museos.